

CONCURSO DE PINTURA 2010

1. **Categorías:** ESO e Bacharelato.
2. **Obxecto e técnica:** o obxecto do concurso será elaborar o cartel anunciador do «Concurso Literario e de Pintura 2010», tendo que levar necesariamente este texto e sendo o estilo e a técnica emprégada de libre elección.
3. **Tamaños:** o tamaño das obras será unha folla vertical Din A3 (42 x 29,7 cm)
4. **Prazo:** o prazo de presentación das obras rematará o luns 12 de abril de 2010.
5. **Premio:** o premio principal será a impresión dos carteis co nome do gañador e un premio en metálico de 200 euros.
6. **Xurado:** un xurado composto por un membro da Editorial Anaya-Xerais, un membro da Asociación de Antigos Alumnos, un membro da ANPA, un artista pintor e un profesor de Arte do Colexio, elixirá a obra gañadora.
7. **Exposición e publicación:** o cartel será amplamente difundido en todo o Colexio, exposto durante as Festas Colexiais e incluído nas páxinas web do Colexio e da Asociación de Antigos Alumnos e publicado nas revistas de ambas as dúas institucións (*O Noso Lar* e *Bellavista*).
8. A obra premiada quedará en poder do Colexio.
9. O feito de participar no concurso supón a total aceptación destas bases.



O COLEXIO APÓSTOL SANTIAGO, A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (ANPA), A ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS E EDICIÓN XERAIS DE GALICIA PROMOVEN CONXUNTAMENTE UN CONCURSO LITERARIO E DE PINTURA DE ACORDO COAS SEGUINTE BASES:

XXIV CONCURSO LITERARIO

A. PARTICIPACIÓN:

Poderán participar todos os alumnos e alumnas do Colexio Apóstol Santiago, dentro das seguintes categorías:

Educación Infantil	Fóra de concurso: Un traballo por aula
Educación Primaria	Categoría 1ª á 6ª.
1º e 2º de ESO	Categoría 7ª.
3º e 4º de ESO	Categoría 8ª.
1º e 2º de Bacharelato	Categoría 9ª
Antigos Alumnos	Categoría 10ª

E nas seguintes modalidades:

Modalidade A:	Narrativa
Modalidade B:	Poesía

En lingua castelá ou galega.

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, sendo o tema de desenvolvemento libre. Cada participante poderá presentar máis dun traballo por modalidade e lingua.

B. PRESENTACIÓN:

- Narrativa: Ata a categoría 7ª, máximo de cinco (5) folios; para categorías 8ª, 9ª e 10ª, un máximo de dez (10) folios.
- Poesía: 3 poemas como máximo, por concursante.

Normas:

- Os traballos, deberán presentarse manuscritos ata a 6ª categoría, sendo obrigatoria a súa presentación impresa e en soporte informático no resto das categorías. Os traballos gañadores das seis primeiras categorías deberán presentarse, ademais, en soporte informático –cd–, nun prazo de cinco días laborables dende a súa comunicación.
- Todos virán en follas DIN A4 e os informatizados con tipo de letra Times New Roman, de tamaño 12 e con marxes de 2,54 cm. (o que xa vén por defecto no programa Word).

3. Forma de entrega:

Cada orixinal entregarase nun sobre grande. No exterior do mesmo figurarán o título do traballo, o pseudónimo, a categoría, a modalidade e lingua elixida. Nunca o nome. Dentro do mesmo, outro sobre máis pequeno pechado cos mesmos datos no exterior e no interior unha ficha cos datos persoais. As fichas pediranse aos titores de EP, e aos profesores de Lingua Galega ou Castelán na ESO e BACH, ou AAA. Para as categorías 7ª á 10ª, un terceiro sobre no que se incluírá un cd por cada traballo presentado con nome, pseudónimo e título.

4. O feito de participar no concurso supón:

- a total aceptación destas bases e
- a cesión dos dereitos de autor ao colexio para unha publicación posterior.

C. DATA:

O prazo de presentación remata o luns 12 de abril de 2010.

D. XURADO:

Estará constituído por membros da ANPA, dos Antigos Alumnos e representantes das editoriais Anaya e Xerais. Os membros do xurado poderán declarar deserto o premio en calquera das categorías.

E. PREMIOS:

Entregaranse no mes de maio nun acto que se vai celebrar no Colexio ó redor do día das Letras Galegas.

- Educación Infantil:** un premio por aula, material didáctico.
- Educación Primaria:** lotes de libros por valor de 30 € para cada modalidade, categoría e lingua. Premiaranse tamén ás aulas con maior número de traballos seleccionados.
- As categorías restantes** recibirán un libro e os seguintes premios en metálico:

	Modalidade A		Modalidade B	
	1º Premio	Accésit	1º Premio	Accésit
Categoría 7ª	60 €	40 €	60 €	40 €
Categoría 8ª	80 €	60 €	80 €	60 €
Categoría 9ª	100 €	60 €	100 €	60 €
Categoría 10ª	120 €	80 €	120 €	80 €

NOTA IMPORTANTE: DADA A IDADE DA MAIORÍA DOS PARTICIPANTES, ACONSELLAMOS QUE A FAMILIA ACOMPAÑE E ANIME NA ELABORACIÓN DO TRABALLO, LIMITANDO A SÚA ACTUACIÓN Á CORRECCIÓN DE DIFICULTADES ORTOGRÁFICAS, LIMPEZA, ORDE, CUMPRIMENTO DAS BASES, ETC. EN NINGÚN CASO RETOCARÁ CONSTRUCCIÓN, EXPRESIÓN, XIROS, VOCABULARIO... PROPIAS DA IDADE DO AUTOR.

O xurado verase na obriga de rexeitar aqueles traballos onde se vexa ben ás claras a axuda do adulto.